

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

THE AGIT PROFESSIONALS

COMENTARIOS ESTRATÉXICOS

1.

A martyr was just the excuse the cause needed

a) Desde o momento que hai u/ha mártir, xa se pode deducir que morreu alguén dun movemento determinado. A intérprete debe, pois, ir mentalizándose para saber de quen se fala, como e porque morreu e a que tipo de grupo pertencía.

b) Coidado coa sobretradución de partículas enfáticas (e.g. ‘just’). De non existir un contexto específico que indica que se debe traducir por ‘soamente’ (habitualmente acompañado de cifras ou outras magnitudes), recoméndase unha eliminación estratéxica de tales elementos.

2.

to redouble the violence and attract new militant blood to its ranks.

a) Unha tradución despexada do orixinal levará a un TT máis fluído e natural e evitará que a intérprete se atranque. Polo contexto, dedúcese que a violencia aumenta, polo que calquera frase verbal do mesmo campo semántico será unha escolla válida (‘aumentar, incrementar, ir a máis...’). Despexándose do TO, a intérprete debería poder completar a frase por si mesma sen ter que esperar e sobretraducir por ‘atraer novo sangue militante aos seus rangos’, chegando ao máis natural ‘atraer novos militantes (ás súas filas)?’. Só unha certa distanciamento a respecto do orixinal, anticipando elementos partido do contexto global, permite unha TT fluída e natural.

3.

The result of the anger seeping through the animal welfare movement was evident even as the anonymous spokesman was saying his piece on Friday morning.

a) Simplificación como estratexia principal, completando os elementos pola súa propia conta e permitindo así a intervención natural da intérprete o que levará a un maior aproveitamento dos recursos propios da lingua meta: ‘~~(o resultado é)~~ a ira que se palpaba...’ e ‘mentres falaba o portavoz (o venres pasado’: facilmente deducíbel desde o momento en que se pense en que fai un portavoz: ‘falar / facer declaracións...’

b) Agora xa se identifica a que grupo pertencía a persoa que morreu (‘dereitos dos animais’). Pode resultar importante para aumentar a capacidade d resolución de problemas máis adiante a correcta identificación de elementos narrativos claves deste tipo, identificando os protagonistas da historia.

4.

In Warwickshire, the home of Christopher Barrett-Jolley, the owner of Phoenix Aviation, the company flying calves out of Coventry airport (where Phipps was crushed to death beneath the wheels of a cattle truck) was besieged by sixty balaclava-clad hoodlums who rampaged through the grounds, terrifying his wife and smashing windows.

a) Simplificación / Omisión: os nomes de lugares non son pertinentes aquí (Warwickshire e Coventry). É máis, é improbable que o público receptor saiba onde están e que o intérprete non saiba pronuncialos correctamente, polo que a mellor opción estratéxica consiste en eliminar este tipo de referencias sempre cando non foren pertinentes dentro do contexto. Tampouco resulta imprescindible a reprodución do

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

nome da persoa referida, optando por se centrar en transmitir correctamente o papel que desempeña na historia. Estas omisións tamén simplifican o texto o suficiente como para evitar traducións literais sen sentido, e.g. ‘voaba xatos’, permitido reformular en función do sentido global do texto ‘exportaba / transportaba’. Resulta imprescindible simplificar este tramo do texto debido a súa complexidade estrutural que leva ao risco de se perder a medio camiño senón (Véxase Comentario 10a, 13a e 19a).

b) Seguir o fio e visualizar os acontecementos permite non ter que traducir o que di o orador, senón de anticipar dun xeito fluído e natural sen se trabucar ao se topar con palabras descoñecidas unha de tras da outra (to besiege, balaclava-clad, hoodlum, to rampage) > ‘sesenta / moitos / unha hora de individuos que irrompían na súa propiedade...’

c) Révélese o nome da militante que morreu. Trátase do seu apelido, polo que haberá que ficar atento para saber se se cita tamén polo seu nome de pía, alternado entre as dúas apelacións, para así evitar posibles confusións.

d) Indícase como morreu a persoa en cuestión. A intérprete debe ficar á espera de maiores explicacións máis adiante, mais agora xa sabe máis ou menos a secuencia de eventos principais da narrativa e os seus protagonistas.

5.

Her boyfriend, Justin Timson, aged 26, said:

a) Identifícase a persoa que morreu era unha muller (‘her’). Non relevante para a tradución correcta deste segmento, mais si máis adianten o texto.

b) Simplificación / Omisión: o seu nome é irrelevante e pódese omitir. A idade é, no entanto, menos insignificante, ao indicar que se trata dunha persoa nova, polo que se pode deducir tamén a idade aproximada da súa moza que morreu.

6.

The attackers were Animal Liberation Front (ALF) sympathisers like Phipps, whose death was being avenged in a way she would have approved.

a) Identifícase o nome do grupo en cuestión. De traducir tanto o nome como as siglas neste momento, poderase prescindir do nome, optando só para as siglas en adiante. De se optar por traducir só o nome e prescindir da siglas neste momento, poderase optar por esta opción estratéxica máis adiante en calquera momento.

7.

The death of Phipps, killed after she broke through a police cordon and flung herself at a lorry carrying calves for export, was bound to provoke mixed reactions: to ALF supporters she was a heroine; to the police, a dangerous nuisance known, along with her mother, as a habitual protester, an agit-professional.

a) Xa sabemos como morreu. Repetición de información no texto facilita a tarefa da intérprete se está a seguir o fio, anticipando correctamente o texto.

b) O elemento chave ‘mixed reactions’ permite anticipar o segundo elemento antónomíco do texto en ter que esperar e traducir (Véxase tamén Unidade 1 Comentarios 4b, 5c, 6b, 9b, 10b, 13b e 15c), sabendo ademais quen son os grupos de protagonistas da historia (Véxase Comentario 4d): defensores dos animais; os seus adversarios (industria cárnica...); a policía no medio. Aquí se debe poder anticipar cal é o suxeito de cada bloque antagónico así como as súas reaccións respectivas a cerca do tema en cuestión, nomeadamente apreciación da persoa que morreu. (Véxase Comentario 9a).

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

8.

The drift from protest to civil disobedience to outright violence has been unstoppable.

a) Cumpre aproveitar os recursos propios da lingua meta para garantir unha produción fluída, natura e , por tanto, máis convincente. Ao se tratar de tres elementos en crescendo, en galego se utiliza a estrutura ‘desde X até Z pasando por Y. Cómpre pois identificar este tipo de estruturas no TO para as transmitir do xeito máis apropiado no TT sen reproducir mecanicamente os esquemas propios do TO alleos ao TT.

9.

The dilemma for the police and authorities is to decide where genuine, legitimate protests ends and where deliberate and potentially violent provocation begins.

a) A palabra ‘dilemma’ é chave, ao indicar que se trata dun bloque onde se vai contrastar dous elementos antagónicos, polo que unha vez identificado o primeiro elemento a intérprete debe poder anticipar e pretraducir o segundo elemento, garantindo así un TT máis fluído e natural. (véxase Comentario 7b).

10.

In the aftermath of the violence in Plymouth, John Albon, assistant chief constable of Devon and Cornwall, accused the peaceful demonstrators of being just as blameworthy as the violent ones because they provided them with cover.

a) Omisión: nome do lugar (~~Plymouth~~), ao non coincide con ningún elemento anafórico, polo que podería prestar a confusión. (Vesase Comentarios 4a, 13a e 19a)

b) O tramo presenta dificultades importantes para a súa tradución sen máis, polo que cumpre simplificar partindo dos coñecementos que se foron adquirindo ao longo do texto a cerca do mesmo (contexto global). A eliminación de elementos non relevantes, como o nome propio da persoa en cuestión e o topónimo (~~John Albon, Devon and Cornwall~~), liberar capacidade para reflectir sobre o grupo de protagonistas ao que pertence o suxeito en cuestión: militantes, industria cárnica ou policía. O parágrafo anterior xa se centraba na policía polo que podemos supor que o suxeito principal segue a ser o mesmo ao non haber indicacións específicas contrarios (p.e. ‘por outra parte.’) e dos tres grupos, só a policía ten cargos do tipo ‘assistant chief constable’, que, aínda sen saber cal é a súa equivalencia en galego se debe poder saber que se trata dun cargo. Unha vez eliminados os elementos sobrantes (obstáculos) e identificado a quen se refire, se pode simplificar mediante a inclusión dun cargo policial similar, por exemplo ‘comisario’ ou simplemente ‘policía’ > ‘segundo (declaracións d)a policía....’

11.

they are as much a part of the brick-throwing as anyone else

a) É importante recoñecer este elemento como unha referencia metafórica, polo que non é preciso (sobre)traducilo de xeito literal (*‘tirar ladrillos / tixolos). Chegado a este punto no texto, a intérprete debe ser quen de anticipar e interpretar correctamente o elemento como sinónimo de ‘violencia’.

12.

Nancy, Jill’s mother, wife of a retired postman, was the prime mover:

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

a) O inciso ('wife of a retired postman') é superfluo e irrelevante, polo que se pode omitir como parte dunha estratexia consciente co fin de aforra esforzos que se poden investir máis proveitosamente noutros elementos de maior importancia para a narración.

13.

Nancy joined the Coventry Animal Alliance, demonstrating against local fox, occupying farms and becoming area coordinator of the ALF support group, helping activists with fines and legal expenses.

a) O nome propio do lugar non é relevante, e ao terse eliminado anteriormente xa non ten referencia anafórica ningunha, polo que cabe modificar. En vez de modificar, pódese optar por substituílo por un tremo xenérico (hiperónimo) equivalente > 'local' (Véxase Comentarios 4a, 10a e 19a).

b) Recursos propios da lingua de chegada para unha TT máis natural e, por tanto, máis convincente para o público receptor: varias opción para traducir 'to become, alén da tentación de traducir sistematicamente por 'converterse en' > 'chegar a ser'

14.

the poll tax riot, the Anti-Criminal Justice Bill demo, the M11 and Twyford Down demos were all key fixtures.

a) En primeiro lugar, cabe recoñecer que se trata dunha listaxe de exemplos, tratándose así de elementos que o relator supón ser familiares para o seu público receptor para poder interpolar a súa atención e as súas experiencias. Isto é lonxe de ser o caso para o público receptor do TT, polo que tentar reproducir todos estes elementos culturalmente alleos resultaría innecesario cando non contraproducente. Por outra parte, por se trataren de elementos localmente específicos é tamén probábel que a intérprete, de non ser nativa, tampouco os coñeza todos e aínda así a súa tradución resultaría difícil e torpe, gastando inutilmente esforzos que se poderían dedicar a outras tarefas, e correndo o risco de ter que parra e perder o fío, omitindo inconscientemente elementos potencialmente máis importantes a continuación. Trátase pois de sacrificar conscientemente elementos menos importantes e relevantes para salvagardar outros de máis relevancia. (Véxase Comentarios 4a, 10a, 13a e 19a). Unha omisión sen máis, porén, deixaría un espazo en branco que faría que o público sospeite da completitude do TT, polo que cabe procurar unha solución estratéxica: optárase por describir a que tipo de eventos se está a referir > 'todas as manifestacións habidas e por haber polo país adiante'.

15.

Their belief that they are pure of soul is what makes them so pushy.

a) Aínda sen coñecer de antemán a palabra 'pushy' sen, por tanto, dispor dunha equivalencia léxica previa, o contexto debe poder permitir deducir que se pode traducir aquí como 'determinado'. Por esta razón, non se explica previamente esta palabra no momento de presentar o vocabulario, tratándose de procurar mecanismos para completar elementos do textos partindo de estratexias de dedución. (Véxase Comentario 18a).

16.

since the IRA stopped bombing Britain

a) Seguir o fío conductor ofrece maiores garantías de evitar falso amigos, neste caso 'to bomb' > *'bombardear', podéndose deducir polo contexto a equivalencia tradutiva axeitada 'atentar'.

BORRADOR SEN REVISAR PARA USO INTERNO EXCLUSIVAMENTE

17.

the meat and livestock trade.

a) Pódese prescindir dun dos dous elementos deste par sen perder información esencial, optando polo elemento máis fácil de traducir e máis englobante semanticamente, permitindo tamén así unha reformulación mediante unha frase feita na lingua meta, tornando o TT máis natural: ‘~~meat and livestock trade~~’ > ‘industria cárnica’ (Véxase tamén Unidade 1 Comentario 10a)

18.

[they] drift from one cause to the next as it reaches the grapevine.

a) Aínda sen coñecer de antemán a expresión ‘the grapevine’, o contexto debe poder permitir deducir o seu significado, deixando á intérprete a posibilidade de fornecer unha equivalencia dinámica *ad hoc*. (véxase 16a).

19.

Trafalgar Square poll tax riots

a) Eliminar as referencia cultura le localmente específico, superfluo para o público receptor (Véxase Comentarios 4a, 13a, 10a e 15a), permite dedicar os esforzos aforrados a procurar unha tradución adecuado pola palabra inglesa ‘riot’ de non a coñecer de antemán > ‘varios disturbios’.